

CIG-SAÚDE *informa*

COMISIÓN TÉCNICA DE CARREIRA PROFESIONAL DO 28 DE XUÑO DE 2019.

1. Criterios de avaliación para a primeira convocatoria ordinaria do 2º semestre de 2020.

Dado que non vai estar en tempo finalizada a negociación dos distintos apartados de valoración da carreira profesional, a Administración nos entrega unha proposta de criterios de avaliación nos mesmos termos que os utilizados no réxime transitorio e excepcional de encadramento do 2018, coa algunha adaptación.

- Os méritos a valorar, serán os causados entre o 1 de xaneiro de 2015 e o día anterior á convocatoria no DOG. Os méritos utilizados para acadar o grao no réxime de encadre anterior, non poderán volver a ser utilizados nesta convocatoria.
- Pode participar, cun acortamento do período de permanencia, **só o persoal fixo no SERGAS 31/12/2011.**
- Pode participar o persoal fixo do SERGAS que acredite a superación do período de permanencia desde o último recoñecemento.

2. Novo Réxime excepcional do ano 2020.

Este tema provén do que se está a negociar na Mesa Xeral de Empregados Públicos, que está aínda sen pechar.

A proposta que nos fan para o persoal estatutario vai na mesma liña que para os funcionarios, coa algunha matización:

- Poderá acceder ao Grao I, o persoal interino a 31/12/2019. Propoñen facer un acortamento da permanencia no grao inicial.
- Poderá acceder ao Grao I ou seguinte que lle corresponda, o persoal fixo que non cumpría os requisitos ou méritos na convocatoria de 2018.
- Poderá acceder ao Grao I o persoal fixo a 31/12/2019 que acadou praza con posterioridade a xullo de 2018 e que reúna o requisito de ter 5 anos de servizos prestados.
- Periodificación do pago: 25% no 2020, 50% no 2021, 75% no 2022 e 100% no 2023.

CIG-Saúde solicitamos que tiña que ser o mesmo fraccionamento que no anterior encadre. A Administración respondeu que neste punto vai a manter o mesmo que se acorde na Mesa Xeral da Función Pública.

CIG-Saúde preguntamos sobre a afectación da demanda de inconstitucionalidade feita polo goberno do Estado á Xunta polo acordo da carreira profesional. A Administración respondeu que o sistema de carreira do persoal estatutario non está en dúbida.

Para máis información dirixete as/os delegadas/os de CIG-Saúde na túa localidade.

